
 <p>Núcleo de Sostibilidade</p> <p>O Barco de Valdeorras Axencia Local de Sostibilidade</p>	<h1>OBXECTIVOS DO SISTEMA</h1> <h2>ANO: 2010</h2>	 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible</p>
Elaborado por: Responsable de Medio Ambiente 18/01/2010	Revisado e Aprobado por: Alcaldía 18/01/2010	

Introdución

No presente documento recóllense os distintos Obxectivos do Sistema do Concello de O Barco de Valdeorras.

Nos seguintes Obxectivos reflíctese a firme vontade do Concello na medición de actividades e procesos que inflúen de forma directa sobre a diminución da significancia dos seus aspectos ambientais máis representativos.

Neste sentido, o Concello de O Barco de Valdeorras estableceu obxectivos ambientais sobre aqueles aspectos significativos que por razóns de viabilidade económica ou viabilidade técnica ou operativa, en base aos recursos dos que dispón para o período sobre o que está establecido devandito programa ambiental. É por iso polo que algún aspecto ambiental significativo pode non estar contemplado nos obxectivos do presente período, aínda que se contempla para períodos posteriores sobre os que poida ter poder de actuación.

Para unha mellor interpretación, os distintos Obxectivos represéntanse en táboas, nas que se especifica o responsable de medición e o sistema de recollida de datos.

O Responsable de Medio Ambiente realiza un seguimento destes Obxectivos cunha periodicidade polo menos trimestral, coincidindo xeralmente cos Comités de Medio Ambiente e a Revisión do Sistema pola Dirección, con obxecto de coñecer a evolución e tendencia dos mesmos. Ademais articularanse os mecanismos necesarios para a adecuada difusión dos Obxectivos, cuxa consecución é responsabilidade de todas e cada unha das persoas que forman parte do Concello de O Barco de Valdeorras.

OBXECTIVO Nº 1**MELLORAR A EFECTIVIDADE DO SERVIZO PRESTADO POLO PUNTO LIMPO**

Prazo global: Decembro 2010

<i>Accións/Metas:</i>	<i>Prazo</i>	<i>Responsable</i>
◆ <i>Establecer unha formación para o persoal do punto limpo en xestión de residuos</i>	<i>Ao longo do ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/ Empresa Xestora do Punto Limpo</i>
◆ <i>Control e seguimento da empresa xestora valorando as melloras na xestión respecto das debilidades e ameazas da xestión anterior</i>	<i>Dende que se fixo a contratación</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>
◆ <i>Fomentar o uso do punto limpo pola poboación: campaña informativa nova xestión do punto limpo</i>	<i>Decembro 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/Empresa Xestora do Punto Limpo/ Alcaldía</i>
◆ <i>Informe final de xestión do punto limpo</i>	<i>Decembro 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/Empresa Xestora do Punto Limpo</i>

OBXECTIVO Nº 2

Reducir o consumo de papel por empregado entre o ano 2009 e o ano 2010 volvendo os valores do ano 2008 (pasaríamos dun consumo en 2009 de 8.192 folios/empregado a un valor en 2010 menor ou igual a 7622 folios/empregado)

Prazo global: Decembro 2010

<i>Accións/Metas:</i>	<i>Prazo</i>	<i>Responsable</i>
♦ <i>Difundir valoracións periódicas con datos de consumo de papel reais do concello</i>	<i>Cada trimestre</i>	<i>Responsable de Medio ambiente</i>
♦ <i>Continuar implantando políticas de aforro de papel: boas practicas ambientais no uso do papel</i>	<i>Ao longo do ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio ambiente</i>
♦ <i>Fomentar o uso do sistema de comunicación informático interno</i>	<i>Ao longo do ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/ Responsable informático</i>
♦ <i>Fomentar a impresión a dobre cara</i>	<i>Ao longo do ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/ Responsable informático</i>
♦ <i>Recompilación de datos de consumo de papel</i>	<i>Decembro 2010</i>	<i>Responsable de Medio ambiente</i>
♦ <i>Estudio de vías de redución no consumo de papel</i>	<i>Ao longo do ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente/ Alcaldía</i>
♦ <i>Comparativa dos resultados entre o ano 2009 e o ano 2010</i>	<i>Decembro 2010</i>	<i>Responsable de Medio ambiente</i>

OBXECTIVO N° 3

Sensibilizar a outras unidades do concello en boas prácticas ambientais (servizo de Biblioteca Municipal) por ser un servizo municipal moi en contacto coa poboación do concello

Prazo global: Decembro 2010

<i>Accións/Metas:</i>	<i>Prazo</i>	<i>Responsable</i>	
◆ <i>Colocación de papeleiras para separar o papel do resto de residuos</i>	<i>Maio 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	
◆ <i>Desenvolvemento dunha guía de boas prácticas ambientais</i>	<i>Maio 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	
◆ <i>Distribución ao persoal da biblioteca</i>	<i>Xuño 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	
◆ <i>Difusión exterior para as persoas usuarias da biblioteca</i>	<i>Xuño 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	
◆ <i>Cartelería informativa de sensibilización ambiental</i>	<i>Xuño 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	
◆ <i>Canal de difusión das actuacións medioambientais do concello</i>	<i>Ao longo de todo o ano 2010</i>	<i>Responsable de Medio Ambiente</i>	